



ALFREDO BRAÑAS

1859 - 1900

BIOGRAFÍA

Alfredo Brañas naceu o 11 de xaneiro de 1859 en Carballo de Bergantiños (A Coruña). Foi bautizado como Alfredo, José, Francisco, Higinio Brañas Menéndez. Seus pais, naturais da Coruña, eran Vicente María Brañas Valseca e Celestina Menéndez Vilas; tivo catro irmás. Seu pai, dun matrimonio anterior, tivera un fillo tamén escritor Gonzalo Brañas Sánchez (A Coruña, 1840-1903). Seus avós paternos eran Gonzalo Brañas e Juana Balseca, de Valladolid; os avós maternos, eran Gregorio Menéndez, da Coruña, e Rita Vilas de Santiago. Os padriños de Alfredo Brañas foron Enrique Piñeiro e a súa dona Josefa Borrell residentes en Carballo. Os dous anos, en 1861, a súa familia trasladase a Cambados, onde o pai vai exercer de Rexistrador da Propiedade.



Estuda en Santiago de Compostela onde realiza o bacharelato (1869-1873) no Instituto e a carreira de Dereito na Facultade que remata en 1878. A morte de seu pai, en 1876, trae dificultades económicas á familia e recibe axuda

ALFREDO BRÁÑAS

da Duquesa de Medina de las Torres que, segundo Xavier Castro, era a nai dun compañeiro da Facultade. Alterna diversos traballois xornalísticos co exercicio da avogacía así como unha breve estancia en Madrid, 1880-1881 onde traballa no xornal *La Política* e despois na Biblioteca Nacional.

De volta a Galicia, despois dun brevíssimo período traballando nunha notaría en Cambados, matricúlase no Colexio de Avogados de Compostela en 1883 e sería avogado fiscal substituto (1884) ata que pasa a ocupar a Secretaría Xeral da Universidade (1884-1885). Mentre tanto prepara o doutorado, que acada en Madrid en 1885. Comeza a dar clases en Santiago ata que consegue a cátedra de Dereito Natural (1887) en Oviedo e pouco despois a de Economía Política e Facenda Pública (1888) en Santiago, onde permanecerá ata a súa morte, realizando as súas actividades académicas, literarias, periodísticas, políticas e cívicas na defensa de Galicia, resaltando o seu libro *El Regionalismo* (1889).



ARRIBA: Estatua de Alfredo Brañas en Carballo.
ABAIXO: Revistío do bautismo na parroquia de San Xoán de Carballo.
SEGUNTE PÁGINA: O Instituto Alfredo Brañas, inaugurado no curso 1970-71.

Illo
Alfredo Brñas. Unlo Iglesia Parroquial de San Juan de Carballo nome
de suyo, mas debajo del altar, anno de mil ochenta e cinque
fue de don seu nieto. Dr. Alonso del Olmo Quirante
Vicente de la villa nomen bautizare obituamente y por su her
mano don Nicanor que nacio hoy año diez eta anno
nana suyo de Legatum Pratimonia del Licencia
do Dr. Joaquin Brñas, y de D. Celestino Meléndez

En 1885 casa con Ramona Casulleras Galiana, Irmá do médico e escritor Isidoro Casulleras, autor da composición poética “Juan Tuorum. Leyenda sobre una tradición gallega del siglo XIV” (Santiago, 1880).

Vivían na rúa da Azabachería número 5, onde, a pesar dos coidados do seu médico e amigo Juan Barcia Caballero (prologou *El Regionalismo*) morreu o 21 de febreiro de 1900, con apenas 41 anos.

Alfredo Brañas foi soterrado no cemiterio de Nosa Señora do Rosario e pasaría logo, en 1905, a un mausoleo custeado por subxcripción popular en San Domingos de Bonaval, no actual Panteón de Galegos Ilustres onde tamén está Rosalía de Castro (nos actos de traslado dende o cemiterio de Adina o 25 de maio de 1891, participou activamente Brañas), o xeógrafo e matemático Domingo Fontán, o poeta Ramón Cabanillas, o escultor Francisco Asorey, así como Castelao.

OBRA

Na producción literaria e ensaística de Alfredo Brañas destacamos:

POESÍA

¶ *Lembranza*, *Gaceta de Galicia*, 1889, dedicado a Rosalía.

¶ *O Avellón*, Teatro Principal, A Coruña, accésit (100 exemplares impresos) no Certame Literario celebrado no Teatro Principal, o 24 de agosto de 1884, pola Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns da Coruña.

NÓS COMO ELES*

Hai unha terra lonxe da nosa,
como ela verde,
como ela fermosa
onde os labregos,
cultivadores,
foran escravos
dos seus señores
i agora libres
rexenerados
van en camiño
de ser vingados.
IRLANDA...a illa
perla dos mares,
é a doce terra
dos meus cantares,
terra de altivos
fortes colonos,
onte inda servos,
hoxe xa donos...
¡Ergue, labrego!
¡Érguete e anda!
¡Coma en Irlanda!
¡Coma en Irlanda!

* Poema en catro cantos, reproducimos o primeiro.



¶ A víspera de San Xoán, no Certame Literario Musical galego de Pontevedra, 9 de agosto de 1886, premio dunha rosa de prata e ouro. Publicado en *Galicia humorística* nº 5, 15 de marzo de 1888.

¶ Oda homenaxe ó Padre Feijóo, en Ourense (Inauguración do monumento) 1887.

¶ Brindis a Maruxiña.

¶ Aire galego (música de Chaves).

¶ Nós como eles (*Como en Irlanda*)

¶ Hino Galego (proposta)

ENSAIO

¶ *El Regionalismo*, Jaime Molinas Editor, Barcelona, 1889, a contribución máis completa e estructurada do galeguismo.

¶ Discurso en galego na apertura dos Xogos Florais de Tui (1891)

¶ *Bases Generales del Regionalismo y su aplicación a Galicia*, (1892).

¶ *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional*, 1892.



En Carballo, Alfredo Brañas ten dedicada unha rúa e unha praza. Na súa casa natal catro placas de homenaxe foron promovidas polos Centros galegos de Montevideo e Bos Aires (1959), pola Agrupación Cultural Lumieira (ano 2000) e polo instituto do Chorfís que leva o seu nome. Ademais, na praza de Galicia, impulsado polo concello, ergueuse en 1982 un cruceiro realizado polo escultor Buciños e no 2005, tamén por iniciativa municipal, unha escultura do insigne galeguista cunha obra feita polo escultor César Lombera.



INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
ALFREDO BRAÑAS

DEPARTAMENTO DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

RUA VILA DE CORCUBIÓN, S/N
15102 CARBALLO
(A CORUÑA)
TEL: 981 700 911

[HTTP://WWW.EDU.XUNTA.ES/](http://www.edu.xunta.es/)
CENTROS/
IESALFREDOBRAÑAS/